

ACTA NÚM. 12/2024.

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE
BRIÓN O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2024.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 27 de novembro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:
WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.11.2024.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2024, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2024, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.11.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 11/2024, do 08.11.2024.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2024, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 26.11.2024, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal non exista crédito no orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que todos os gastos aos que se refire este crédito extraordinario están xa realizados ou en trámite para ser realizados nos próximos días, posto que, dende esta Alcaldía se considera que son de inescusable realización antes de finalizar o exercicio.

Dado que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación de crédito número 19/2024 do orzamento municipal para o exercicio 2024, crédito extraordinario nº 02/2024, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Obxecto	Importe	Programa	Concepto
Parque agronovo. Parque infantil.	43.612,88	171	60900
Levantado de tapas AC 300.	48.387,90	1532	61900
Senda hormigón carballeira cerca igrexa.	21.267,56	1532	61900
Acondicionamento de urbanización. Vías públicas.	36.674,80	1532	61900
Santa María de Cornada. Vías públicas.	34.314,62	1532	61900

Parque infantil. Tobogán..	4.162,82	171	60900
Zanxas e escavación para Saneamento	7.224,91	160	61900
Liquidación da obra de acceso a Gosende	11.357,06	1532	61900
Toma de terra de 31 cadros eléctricos	33.704,61	165	60900
Ampliación da rede de alumado publico en A Telleira	21.695,18	165	60900
Acondicionamento do local da policía	1.631,70	132	63200
Medición final obras Camiño de amañecida ata graña	71.293,87	1532	61900
Pistas monte Luaña e outros	114.126,85	1532	61900
Limpeza local Montebalado	267,00	241	22700
Comunidade propietarios local montebalado	3.016,16	241	21200
Picado e reparación de fuga na Gardería	4.051,53	323	21200
Conexión de ascensores. Conservatorio	42,69	334	21200
Mantemento climatización escola infantil	647,64	323	21200
Actuación festas de Santa Minia. 28.09	1.210,00	338	22799
SGAE	52,77	338	22699
SGAE	185,49	338	22699
SGAE	129,51	338	22699
Actuación da Banda Brión	2.999,99	338	22799
Prevención lexionela escola infantil	120,00	323	21200
Actuación Santa Minia. Asoc. Devagarinho	500,00	338	22799
Actuación da charanga Os Celtas	1.800,00	338	22799
Transporte por autocar. Autocares Modesto Riveiro	2.000,02	312	22300
Prevención da lexionela campo de fútbol	204,70	341	21200
Prevención da lexionela nave piragüismo	91,75	341	21200
Prevención da lexionela no pavillón	120,00	341	21200
Mantemento alarmas	1.135,03	323	21200
Equip hotel	387,32	323	22110
Actuación Santa Minia. Federico Pérez	1.210,00	338	22799
Gastos diversos para o Magosto	6.000,00	338	22799
Inauguración alumado nadal	2.000,00	338	22799
Adquisición de libros	934,48	3321	62900
Acondicionamento de colexio	21.062,83	323	63200
Adquisición de libros	1.000,00	3321	62900
TOTAL	500.623,67		

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	500.623,67 €

2º) Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2024, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

3º) Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que facemos a intervención neste punto, pero a mesma vale tamén para o seguinte punto da orde do día.

Dicir que o importe das dúas modificacións ascende a 1.169.000 euros, que equivale ao 20% de todo o orzamento, e quero agradecer o traballo inmenso feito polo interventor; engade que xa hai tempo vimos advertindo de prácticas irregulares de tipo político e técnico; que a documentación que se nos deu é escasa, son 104 partidas agrupadas e corresponde a obras, servizos e subministracións realizados, que xa foron encargados, agora só se trata de habilitar crédito, pero como pode entender necesitamos saber moito máis do que hai detrás disto, porque apreciamos exceso de contratos menores xa denunciados anteriormente por este grupo; agradecemos as explicacións que se nos deron, que eran obrigadas, pero insuficientes, hai que chegar ao fondo de todo isto, hai que mudar o xeito de xestionar.

A desfeita chega ata as festas de Santa Minia, que afecta a 104 partidas, nós pola nosa parte pediremos máis información adicional sobre moitas partidas, queremos saber como foron feitas algunhas actuacións; somos conscientes da urxencia e da falta de persoal, pero aflora un modelo de xestión que precisa unha explicación máis razoada; que é unha forma nefasta de xestionar unha institución, porque é o modificado máis grande da historia desta corporación, aínda que este asunto temos a obriga de solucionalo, pero é responsabilidade súa, e vostede debe asumilo.

Por todo isto ímonos abster, porque entendemos que moitas empresas non teñen a culpa, descoñecemos como puideron aguantar tanto tempo sen cobrar, e non podemos votar en contra porque suporía que esas empresas non poderían cobrar.

O Sr. Alcalde sinala que asumo a responsabilidade, son cousas mal feitas e esperamos que a partir do 1 de xaneiro fagamos as cousas mellor, pero teño que dicir que se fixo todo en favor dos veciños, aínda que o fixemos mal, pero está todo aí.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2024, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 26.11.2024, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de suplemento de crédito para a realización de gastos que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal exista crédito consignado no orzamento pero non sexa suficiente, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que todos os gastos aos que se refire este suplemento de crédito están xa realizados ou en trámite para ser realizados nos próximos días, posto que, dende esta Alcaldía se considera que son de inescusable realización antes de finalizar o exercicio.

Dado que existe crédito consignado no vixente orzamento da Corporación pero non é suficiente, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación de crédito número 20/2024 do orzamento municipal para o exercicio 2024, suplemento de crédito nº 01/2024, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Obxecto	Importe	Programa	Concepto
Abastecemento de auga	294.985,40	161	22723
Depuración e saneamento	134.646,71	160	22722
Reparación tractor New Holland	7.549,09	171	23100
Reparación minitractor John Deere	1.538,12	171	21300
Mancomunidade do Barbanza (incremento cotas)	41.647,72	1621	46301
Obras na Carballeira de Santa Minia	29.157,98	171	61900
Acondicionamento parque infantil Sta. M ^a . De Cornada	10.635,90	171	61900
Ampliación rede abastecemento en Xinzo	17.394,88	160	62900
Ampliación rede abastecemento en A Telleira	20.034,99	160	62900
Enerxía eléctrica servizos sociais	2.500,00	231	22100
Indemnización attende care (período sen contrato)	11.338,01	231	22714
Representación Monecadas 2024	3.000,00	334	22799
Concerto Ivan Vilela	3.097,60	334	22799

Servizo merendas Escola infantil	2,66	323	22711
Mantemento campo de fútbol de Luaña	1.863,40	342	21000
Campaña difusión Santa Minia	701,80	338	22602
Toner negro	366,63	330	22000
Lámpada OSRAM	102,05	330	22002
Trofeos deportes	1.842,83	341	22699
Subministro de cartel 700x1000mm	1.730,93	333	22699
Xestión escenario grande	2.178,00	338	20800
Camisetas carreira pedestre	2.555,52	341	22699
Cuñas publicidade Santa Minia	544,50	338	22602
Acarreos carreira popular	235,95	341	22699
Produción spot Santa Minia	605,00	338	22602
Material funxible escola infantil	97,84	323	22199
Material funxible escola infantil	86,71	323	22199
Material de limpeza casa da cultura	168,99	330	22110
4 sesións conta contos	1.155,00	334	22799
Actuación Batukada y chungo pastel	913,40	334	22799
Chapas útiles	254,10	341	22699
Ensinanza musical non regrada	534,55	334	22799
Aluguer finca para estacionamento Santa Minia	1.210,00	338	20800
Material escola infantil	108,62	323	22106
Auga para concellería de deportes	184,00	341	22699
4 taburetes topo	19,40	330	22000
Sesión conta contos Ler conta moito	330,00	3321	22799
Pancarta 2906x1706	116,16	338	22602
Mantemento campo de fútbol Luaña	1.863,40	342	21200
Publicidade Santa Minia	363,00	338	22602
Fco. García	353,32	341	22699
Coesco Deza	4,80	323	22711
Actuación de Leti da Taberna	786,50	334	22799
Equip hotel	176,20	341	22110
Incremento AD actividades culturais	8.500,00	334	22727
Concerto jazz en banda	2.120,00	334	22699
Material funxible Escola Infantil	109,21	323	22199
Escolas culturais novembro	2.295,00	334	22727
Representación Talía teatro	1.990,00	334	22799
Concerto Julia Vari	2.057,00	334	22799
Libro os Bolechas personalizado	3.900,00	3321	22799
Edicións boreal	1.000,00	3321	22799
Edicións Bolanda	812,06	3321	22799
Gastos Andaina do terror	2.900,00	341	22799

Cross. Ambulancia, trofeos...	2.000,00	341	22799
SGAE	3.000,00	334	22799
Renovación servizos web rutarosaliana	216,59	334	22799
Enerxía eléctrica cultura	18.000,00	334	22100
Instrumentos musicais	2.328,00	334	62900
Estanterías modulares na biblioteca	3.812,71	3321	62500
Instalación, homologación de material en Hyundai tucson	13.757,70	920	62400
TOTAL	667.779,93		

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	667.779,93 €

2º) Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2024, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

3º) Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral da por reproducido o dito no punto anterior.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González